



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO, DA XUNTA DE GALICIA, E A SANTA APOSTÓLICA E METROPOLITANA IGLESIA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A DIXITALIZACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE CUSTODIAN NO ARQUIVO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Santa Apostólica e Metropolitana Iglesia Catedral de Santiago de Compostela (en diante, Catedral de Santiago de Compostela) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos dende a data da súa sinatura e sen prexuízo dunha posible prórroga nos termos que recolle a cláusula sétima do propio convenio.

O referido instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre ambas as partes para a selección e reprodución dixital daqueles expedientes e documentos relativos á Catedral de Santiago de Compostela, que sexan necesarios para a realización dos estudos e análises precisos para o desenvolvemento dos proxectos de investigación que vén levando a cabo a oficina técnica “a Casa da Fábrica”, dependente da Catedral de Santiago de Compostela.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707-Santiago de Compostela
Tfno: 881 999 661 / 981 544 816
Fax : 881 999 740
arquivogalicia.cultura@xunta.es

Subdirección Xeral de Arquivos e Museos. Arquivo de Galicia

O artigo 148 da Constitución Española permítelle ás comunidades autónomas asumir competencias, entre outras, en materia de fomento da súa cultura e en materia de investigación.

Pola súa banda, o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúelle á nosa Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos (...) de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal (27.18), así como en materia de fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución Española (27.19).

Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia, tal e como se recolle no artigo 2 da Lei 5 /2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Neste contexto, a Consellería de Cultura e Turismo, en canto consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental, a teor do que establece o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Xunta de Galicia que debe promover a accesibilidade aos documentos, apoiando ou facilitando, se é o caso, a dixitalización do patrimonio documental, tal e como queda recollido na Lei 7 /2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

No artigo 42 desta mesma Lei, establécese que é función do Arquivo de Galicia difundir por calquera medio os fondos documentais que custodie e, en xeral, o patrimonio documental de Galicia.

Por outro lado, a Lei 5 /2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, fai referencia tamén a necesidade de colaboración e coordinación entre a Xunta de Galicia e a Igrexa católica na difusión do patrimonio cultural de Galicia.

Por todo isto, e porque é necesario concretar as condicións para a adecuada difusión da procedencia dos documentos orixinais e dos centros nos que se custodian, así



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707-Santiago de Compostela
Tfno: 881 999 661 / 981 544 816
Fax : 881 999 740
arquivogalicia.cultura@xunta.es

Subdirección Xeral de Arquivos e Museos. Arquivo de Galicia

como salvagardar os posibles dereitos de propiedade intelectual ou de protección de datos de carácter persoal, sen prexuízo da función cultural deste patrimonio documental, resulta necesario e oportuno asinar un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Catedral de Santiago de Compostela para a dixitalización de documentos custodiados no Arquivo de Galicia. Entre estes documentos atópanse expedientes tramitados para a realización de traballos de intervención na propia Catedral, os cales resultan do máximo interese para coñecer en profundidade as citadas intervencións.

Este convenio non implica gasto adicional ningún para a Consellería de Cultura e Turismo.

Finalmente, debemos sinalar que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, a 25 de febreiro de 2019.

O director xeral de Políticas Culturais,

Anxo Manuel Lorenzo Suárez



Xacobeo 2021

